

Homenaxe nacional a Francisco Carballo en Marín

A Biblioteca de Marín acollerá o sábado 22 de outubro ás 18,30 horas unha mesa redonda que servirá para glosar a figura do historiador Francisco Carballo, baixo o lema "80 anos na defensa de Galiza". Intervirán nela persoas que desde o coñecemento e a amizade glosarán diferentes aspectos da vida intelectual de Carballo: Santiago Prol, Anselmo López Carreira, Engracia Vidal, Francisco Rodríguez, María Pilar García Negro e Vitorino Pérez Prieto. A seguir celebrárase unha cea no pavillón do Colexio Público da Laxe. Os actos están organizados por *A Nosa Terra*, *Irimia*, *Encrucillada*, Coordinadora de Crentes galegos, BNG, CIG-Ensino e Galiza Nova.

Longa é a biografía e os méritos de Francisco Carballo (Maceda, 1925), crego comprometido coa mensaxe de galeguización do cristianismo progresista e actor de varias das iniciativas de base deste movemento foi presidente moitos anos da Asociación Cultural de Vigo, profesor en diferentes centros de ensino galegos e activo militante nacionalista, sendo candidato do BNG en diferentes convocatorias electorais. Membro fundador da empresa editora de *A Nosa Terra*, Promocións Culturais Galegas, da que foi presidente do seu Consello de Administración durante unha década é tamén un historiador de recoñecido prestixio. As súas opinións e a súa biografía axudan a coñecer e conformar unha nova visión do país, coas claves do intelectual comprometido co seu tempo.

Autor dunha importante bibliografía, Carballo sempre manifestou como intención pública o afán de fomentar a investigación e divulgar o coñecemento. Referíndose ao grupo de historiadores galegos que se nuclearon arredor da súa dirección, afirma no seu libro *Conversas con Francisco Carballo*, "divulgar é algo que nos vén de asimilar a corrente da Ilustración e as posteriores a través de Marx e da historiografía actual, de que a ciencia non é para un grupo de intelectuais. A ciencia é para transformar o mundo. Se non se comunica, non serve de nada. Estamos na postura da aceptación da realidade social; da necesidade de transformación con apoio no valor do ser humano, da súa dignidade igualitaria no fundamental. Divulgar o que sabes é esencial. O valioso está en comunicar o coñecemento".